

DECLARACIÓN DE IMPACTO AMBIENTAL FORMULADA POLA DIRECCIÓN XERAL DE CALIDADE E AVALIACIÓN AMBIENTAL EN DATA 19 DE DECEMBRO DE 2008, RELATIVA Ó PROXECTO DE INSTALACIÓNS NÁUTICO-DEPORTIVAS EN CEDEIRA (A CORUÑA), PROMOVIDO POLA U.T.E. (UNIÓN TEMPORAL DE EMPRESAS) COMERCIAL INTERNACIONAL, S.L.-BARDERA, S.L. (CLAVE: 2006/0046).

ANTECEDENTES

Portos de Galicia iniciou o procedemento de concesión administrativa de ocupación de dominio público portuario do Porto de Cedeira (A Coruña), para á construción e explotación de instalacións náutico-deportivas, que consiste basicamente na creación dunha nova dársena deportiva no lado máis oriental das instalacións portuarias existentes, o que suporá a creación de 278 de prazas de amarre.

Dentro do referido procedemento de concesión administrativa, o proxecto, que está incluído no anexo II (Grupo 9. j) do Real Decreto Lexislativo 1/2008, de 11 de xaneiro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Avaliación de Impacto Ambiental de proxectos, someteuse, á vista das súas características, a avaliación de impacto ambiental.

No anexo I resúmese o proxectado, no anexo II as medidas protectoras e correctoras propostas no estudo de impacto ambiental, e no anexo III inclúese un plano en planta da actuación prevista.

En cumprimento do establecido regulamentariamente, o 13 de agosto de 2007 publícase no DOG (nº 156) a Resolución do 16 de maio de 2007, de Portos de Galicia, pola que se somete a información pública o proxecto de execución e o estudo de impacto ambiental referente ás instalacións para a náutica recreativa no Porto de Cedeira (A Coruña). Durante este período de exposición ó público foron presentadas alegacións por parte do Concello de Cedeira, da Confraría de Pescadores de Cedeira, das asociacións Verdegaiá e Adegá, así como de diversos particulares, que no que se refire a aspectos ambientais tivéronse en conta, no que procede, no condicionado da presente Declaración.

Con data 25 de xuño de 2008 tivo entrada o expediente ambiental, remitido por Portos de Galicia como órgano substantivo por razón da materia, contendo os resultados da información pública, os informes da Direccións Xerais de Patrimonio Cultural, Recursos Mariños, Saúde Pública e Conservación da Natureza, do Concello de Cedeira, do organismo autónomo Augas de Galicia, e da *Dirección General de Sostenibilidad de la Costa y el Mar* pertencente á Administración Xeral do Estado, así como a resposta do promotor ós mesmos.

Como resultado da tramitación ambiental, Portos de Galicia presenta unha solución alternativa ó proxecto coa que intente acadar o maior consenso social, tomando en consideración os resultados das consultas e da información pública realizadas, que tiñan como eixo principal as excesivas dimensións do proxecto presentado orixinalmente.

Cumprimentada a tramitación, a Dirección Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental, como órgano ambiental e no exercicio das competencias que lle concede o Decreto 1/2006, do 12 de xaneiro, modificado polo Decreto 99/2007, do 24 de maio, e polo Decreto 18/2008, do 7 de febreiro, formula ós sos efectos ambientais, a Declaración de Impacto Ambiental (DIA) do proxecto de instalacións náutico-deportivas en Cedeira, situado no concello de Cedeira (A Coruña), promovido pola U.T.E. Comercial Internacional, S.L. - Bardera, S.L.

DECLARACIÓN DE IMPACTO AMBIENTAL

Examinada a documentación que constitúe o expediente, esta Dirección Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental considera que o proxecto presentado é ambientalmente viable sempre que se cumpran as condicións que se establecen na presente DIA, ademais das incluídas no estudo de impacto ambiental e restante documentación avaliada, tendo en conta que, no caso de que exista contradición entre o indicado na antedita documentación e o establecido na presente DIA, prevalecerá o disposto nesta última.

Ademais do obrigado cumprimento das anteditas condicións, de manifestarse calquera tipo de impacto non considerado ata o momento, este órgano, por iniciativa propia ou a proposta do órgano substantivo, poderá ditar, ós sos efectos ambientais, condicionados adicionais ós anteriores.

As condicións establecidas poderán ser revisadas de oficio ou a solicitude do promotor co obxecto de incorporar medidas que aporten unha maior protección do medio.

Ademais desto, o promotor poderá solicitar a súa revisión naqueles supostos que tecnoloxicamente presenten graves dificultades para a súa implantación ou impliquen modificacións importantes na actividade, sempre e cando as novas medidas permitan acadar os obxectivos e fins desta. Neste último caso, o promotor remitirá esta solicitude, aportando documentación técnica que xustifique estas medidas, no prazo máximo dun (1) mes despois de lle ser notificada a presente Declaración, non podendo comezar as obras antes de contar cunha comunicación desta Dirección Xeral.

1. ÁMBITO DA DECLARACIÓN

A presente Declaración refírese en exclusiva ás obras e á explotación das instalacións náutico-deportivas no Porto de Cedeira, segundo o descrito no documento titulado "Proposta Alternativa para a Execución dunhas Instalacións Náutico-Deportivas en Cedeira (A Coruña), reducindo o Contradique en 110 m", de xuño de 2008.

A nova solución proposta modifica a planta do porto acercando o dique de abrigo á costa 110 m, coa conseguinte redución do espello de auga ocupado.

As actuacións inclúen a adecuación da explanada portuaria de 8.116 m² para a dotación de servizos, incluíndo unha zona de aparcadoiros, unha mariña seca, un edificio de servizos e tres naves, a execución dun dique de 426 m de lonxitude, a instalación de 5 pantaláns aboiantes, catro deles ortogonais á liña do cantil para o

atraque de aproximadamente 278 embarcacións, así como a realización dunha dragaxe na zona dos amarres ata acadar un calado de 3 m, no que o material extraído será reutilizado na construción do dique ou, en último termo, levado a punto de vertedura.

2. CONDICIÓN XERAIS

2.1. Sobre a protección da atmosfera

1. Adoptaranse as medidas correctoras necesarias para que, os niveis de presión sonora debidos á construción e funcionamento das instalacións portuarias, non superen os valores límite de recepción para ruído ambiente exterior establecidos na Lei 7/1997, do 11 de agosto, de protección contra a contaminación acústica, e no que sexa máis restritivo, no Real Decreto 1367/2007, de 19 de outubro, polo que se desenvolve a Lei 37/2003, de 17 de novembro, do Ruído, no referente a zonificación acústica, obxectivos de calidade e emisións acústicas, así como, no seu caso, o estipulado nas ordenanzas municipais do Concello de Cedeira.

Para tal fin, levarase a cabo un plan de seguimento do nivel de ruído ó abeiro do Decreto 150/1999, de 7 de maio, polo que se aproba o Regulamento de protección contra a contaminación acústica.

2. As obras restrinxiranse, salvo excepcións plenamente xustificadas, a período diúrno e planificaranse para que coincidan, na medida do posible, cos períodos de menor afluencia turística.

3. Queda prohibida a queima de restos ou de calquera tipo de material procedente da obra sen o oportuno permiso.

2.2. Sobre a protección das augas

1. Procurarase o emprego de materiais con práctica ausencia de materiais finos e, sempre que non se demostre a súa inviabilidade técnica, realizarase un lavado dos materiais de canteira previo ó seu transporte á zona de obra.

2. Evitarase, na medida do posible, a elaboración de formigón, áridos ou aglomerado asfáltico na propia obra, procurando adquirilos preparados de plantas autorizadas.

3. Todas aquelas operacións de obra no mar que requiran o manexo de formigóns e cementos, realizaranse en condicións de estanquidade, illando previamente a zona de traballo das augas mariñas.

4. Prohíbese verter directa ou indirectamente ó mar restos de formigón, cementos, pinturas así como calquera produto residual susceptible de contaminar as augas.

5. Tal e como se indica no estudo de impacto ambiental, serase extremadamente coidadoso na realización dos traballos, non depositando residuos ou produtos en zonas onde exista perigo de que cheguen ó mar coa conseguinte contaminación.

6. Tódalas verteduras de augas residuais ó medio, tratadas ou non, deberán previamente obter a correspondente autorización de vertedura perante o organismo competente, garantíndose en todo caso a ausencia de afección ó medio.

7. As labores de limpeza, mantemento e reparación da maquinaria durante a fase de obras realizaranse en talleres autorizados, eliminando así o risco de contaminación por derramo accidentais. No caso de que isto non fora posible polas características da maquinaria (mobilidade restrinxida), estas tarefas realizaranse nunha zona delimitada e dedicada a tal fin, dispoñendo dos medios necesarios para a recollida de posibles verteduras, evitando que estes cheguen ás augas mariñas e procedendo á súa xestión axeitada.

8. Tal e como se propón no estudo de impacto ambiental, instalaranse as barreiras antiturbidez previstas para as operacións de maior risco (dragaxes, verteduras de material, etcétera), debendo dispoñer en obra dos medios necesarios para levar a cabo a súa instalación.

9. Empregarase maquinaria con cazos pechados e métodos mecánicos na execución das dragaxes e/ou escavacións que impidan unha dispersión masiva do material, prohibíndose que as barcazas de transporte do mesmo abran as comportas antes da súa chegada ó punto de traballo.

10. Durante as operacións que leven consigo un aumento de turbidez nas augas, as saídas da zona por parte das embarcacións deberán facerse cando dita turbidez diminúa o suficiente e que non supoña ningún perigo nas zonas circundantes

11. Deberase establecer un único espazo marítimo (sempre que sexa posible convenientemente afastado de bancos marisqueiros, polígonos de bateas e zonas de baño que poidan existir na área de influencia do proxecto) para as rutas de entrada e saída das embarcacións utilizadas no proceso construtivo.

12. Non obstante á adopción das medidas anteriores, se durante os traballos a dispersión de material fose intensa por acción das correntes, paralizaranse as actuacións ata a normalización da situación.

2.3. Sobre a xestión dos residuos

1. Adoptaranse as medidas técnicas e economicamente viables para reducir a cantidade de residuos xerados.

2. Todos os residuos que se xeren nas obras ou na explotación das instalacións portuarias deberán ser xestionados en función da súa natureza e conforme á lexislación vixente, primando a reciclaxe ou reutilización fronte á vertedura. Neste sentido, os restos ou aparellos recuperados do fondo (que non presenten interese patrimonial), durante as escavacións e/ou dragaxes xestionaranse de acordo coa súa natureza.

3. Adoptaranse as medidas oportunas co obxecto de que os residuos se almacenen en condicións axeitadas de hixiene, seguridade e segregación, garantindo en todo caso que se impida calquera afección ó medio ambiente.

En relación con este aspecto, e no que respecta ós residuos perigosos, cumpríranse as normas técnicas vixentes relativas ó envasado, etiquetado e almacenamento e traslado establecidas na lexislación vixente.

4. Estudárase a posibilidade de que no caso de que se xeren residuos de construción e demolición sexan reciclados co fin de utilizalos na obra. En caso de que isto non sexa posible serán entregados a xestor autorizado.

5. Ó finalizar as obras, e antes do inicio da fase de explotación, deberán terse retirado e xestionado a totalidade dos residuos de obra.

2.4. Sobre a protección do solo

1. Balizarase correctamente a superficie a ocupar pola execución do proxecto co fin de restrinxir as afeccións ás mínimas necesarias, estando prohibido ocupar zonas fóra do previsto. Este balizado e sinalización deberán manterse en perfecto estado durante o transcurso das obras, sendo retirados cando estas finalicen.

2. Para a localización das instalacións auxiliares á obra (parque de maquinaria, zona de almacenamento de materiais así como a de fabricación de bloques, etcétera) seleccionárase un emprazamento de baixo valor ambiental o máis afastado posible da liña costeira, que estará perfectamente delimitado e, ó que se dotará dos equipamentos necesarios para asegurar un funcionamento ambientalmente seguro.

Ditas instalacións incluírán sistemas de control da escorrentía que eviten a contaminación do medio mariño, considerándose como localización máis axeitada as actuais instalacións portuarias, na súa zona o máis afastada posible do medio mariño.

3. O material procedente de canteira para o desenvolvemento das obras deberá proceder de canteiras debidamente autorizadas, e que se atopen activas no comezo das obras.

4. Así mesmo, estudárase a posibilidade de que parte dos materiais a usar para a construción do porto procedan de plantas de reciclaxe de residuos de construción e demolición.

5. Tomaranse as medidas de seguridade necesarias para evitar derramo accidentais dos tanques de almacenamento de produtos como aceites graxas e carburantes de motores.

6. Unha vez rematadas as obras, procederáse á limpeza total das superficies afectadas por elas, así como de ser o caso á restauración das mesmas, especialmente das zonas ocupadas por instalacións temporais.

7. Na fase de abandono, de ser o caso, unha vez finalizada a explotación das instalacións, levaranse a cabo todas as accións necesarias para recuperar a zona ocupada polas mesmas tendo en conta os usos futuros da área afectada, contemplando con carácter xeral a retirada de calquera tipo de elemento susceptible de provocar contaminación, e sendo entregados todos estes elementos a un xestor autorizado para a súa correcta xestión.

2.5. Sobre a protección de infraestruturas ou instalacións preexistentes

1. Se con motivo da execución do proxecto ou calquera actividade relacionada con este (tránsito de maquinaria, transporte de material, etcétera) se producise o deterioro de estradas, camiños ou calquera outra infraestrutura ou instalación preexistente, deberá restituírse a súa calidade ós niveis previos ó inicio da execución.

2. Estableceranse solucións provisionais no caso de que durante a execución do proxecto se afectasen accesos, servizos ou servidumes.

2.6. Sobre a integración paisaxística

1. Os acabados finais das actuacións deberán realizarse con deseño e materiais que integren as devanditas obras no contorno.

2. As especies vexetais a empregar nas labores de axardinamento serán as propias da flora local, tendo en conta as características físicas da zona de actuación e a composición da vexetación do seu contorno inmediato.

2.7. Sobre o programa de vixilancia e seguimento ambiental

1. Desenvolverase o programa de vixilancia ambiental proposto no estudo e documentación ambiental presentada, coas modificacións xurdidas do cumprimento desta DIA. Este programa levarase a cabo co obxecto de garantir ó longo do tempo o cumprimento das medidas protectoras e correctoras contempladas, tanto no estudo e documentación ambiental, como no condicionado da presente Declaración, incorporando procedementos de autocontrol por parte do promotor. O programa deberá permitir detectar, cuantificar e corrixir diferentes alteracións que non se puidesen prever no estudo ou no condicionado desta DIA, e levar a cabo novas medidas correctoras acordadas coas novas problemáticas xurdidas.

Na redacción deste programa fixaranse, segundo a fase (obras ou explotación) a periodicidade, indicadores e umbrais (admisibles e de alerta) que se vaian a utilizar en cada caso.

2. Na realización do control e seguimento ambiental terase en conta que:

- a) Co obxecto de acadar a máxima coordinación e eficacia no cumprimento da presente Declaración, designarase un/s responsable/s desta, notificando o seu nomeamento ó órgano ambiental.
- b) As tomas de mostras e as medicións deberán ser representativas e polo tanto deberán realizarse durante as labores con maior incidencia sobre os aspectos obxecto de control.
- c) A toma de mostras, analíticas e medicións deberán ser realizadas por entidades homologadas e/ou acreditadas.

- d) Tanto os puntos de medición seleccionados como os de tomas de mostras así como a periodicidade dos controis poderán ser revisados en base ós resultados obtidos.

3. Se durante o programa de vixilancia e seguimento ambiental se detectan impactos, imprevistos ou alteracións que superen os umbrais establecidos nesta DIA ou na lexislación aplicable, proporanse as medidas correctoras precisas para corrixilos. De poñerse de manifesto a existencia de impactos ambientais severos ou críticos, o órgano substantivo poñerá este feito en coñecemento da Dirección Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental.

3. CONDICIÓNES ESPECÍFICAS

3.1. Referente á protección do patrimonio cultural

Levaranse a cabo as medidas recollidas no estudo de impacto ambiental que incorpora o informe da prospección arqueolóxica subacuática realizada, informado favorablemente pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, cos seguintes condicionantes:

1. Deberán retirarse da zona de obra os materiais de fondeo de interese patrimonial localizados na prospección arqueolóxica subacuática realizada, que serán depositados, unha vez realizado o tratamento de consolidación e restauración preventiva, no **Centro de Interpretación do Castelo da Concepción (Cedeira, A Coruña)**.

2. Deberá realizarse un **control arqueolóxico** durante as obras de dragaxe que incluírá a inspección visual da zona unha vez finalizados os citados traballos.

3. Ditos traballos, tanto a retirada dos materiais de interese patrimonial e o seu tratamento coma o control da dragaxe, terán que ser levados a cabo por técnicos competentes, arqueólogo e restaurador, autorizados pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, de acordo coa Lei 8/1995, de 30 de outubro, do Patrimonio Cultural de Galicia, e o Decreto 199/1997, de 10 de xullo, polo que se regula a Actividade Arqueolóxica na Comunidade Autónoma de Galicia. O deseño dos proxectos así como a súa execución faranse en coordinación coa Dirección Xeral de Patrimonio Cultural.

4. No caso que aparezan restos arqueolóxicos no transcurso da realización das obras e do control arqueolóxico, se procederá á paralización das mesmas e á inspección subacuática puntual por parte do técnico arqueólogo da zona de achados, dita circunstancia deberá comunicarse, de xeito inmediato, á Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, que no ámbito das súas competencias **decidirá sobre a conveniencia de establecer as medidas protectoras e correctoras que foran precisas**.

5. Calquera modificación do “Proxecto de instalacións para náutica recreativa en Cedeira (Cedeira, A Coruña)” terá que ser comunicada, á maior brevidade posible, á Dirección Xeral de Patrimonio Cultural.

3.2. Durante a fase previa ó inicio das obras

1. Previo ó inicio das obras, o promotor deberá ter constituído un aval de acordo co disposto no Decreto 455/1996, do 7 de novembro, de fianzas en materia ambiental.

Esta Dirección Xeral propón como importe do aval, que deberá fixar o órgano substantivo, a cantidade de 131.621 €, dos cales 90.126 € corresponden ó plan de seguimento ambiental asociado á fase de construción e 41.495 € á fase de explotación.

2. O titular da explotación das instalacións portuarias deberá aclarar, perante Augas de Galicia, os aspectos referentes ó destino final das augas residuais que ese organismo autónomo indica no seu informe de 3 de decembro de 2007.

3. Poñerase en coñecemento de todo o persoal de obra as medidas de carácter ambiental que deberán ser adoptadas e/ou respectadas para evitar impactos e danos derivados da execución da mesma.

4. Referente ás instalacións que se prevé executar para o subministro de combustible, estas dotaranse dos medios necesarios para evitar derramo ou verteduras accidentais ás augas.

5. O deseño e materiais a empregar no mobiliario urbano e outros elementos previstos para a explanada e a zona de servizos (pavimentos, farois, papeleiras, etcétera), procurará integrar as devanditas obras no contorno.

6. Tendo en conta que as obras desenvolveranse nun ámbito urbano, a planificación dos métodos de execución terá en conta todas aquelas medidas que minimicen as molestias e afeccións á poboación (ruídos, vibracións, etcétera).

7. Seleccionarase o tipo de barreiras antiturbidez a empregar para minimizar a dispersión da fracción fina orixinada durante os traballos asociados á fase de obras, e concretarase a súa disposición de xeito que a súa eficacia quede garantida.

8. Aínda que en principio o material procedente das dragaxes e escavacións se empregará na construción do dique, se finalmente se prevede darlle outro uso, na elección do destino final utilizaranse criterios ecolóxicos, escollendo aquelas zonas nas que non se poñan en perigo valores ambientais nin supoñan en ningún caso perigo para a navegación ou outros usos lexítimos do mar.

Nese caso efectuaranse os oportunos estudos de acordo coa lexislación vixente ó respecto e, acadaranse as preceptivas autorizacións e/ou permisos conforme ás esixencias legais vixentes de aplicación.

9. Dada a natureza do proxecto e, tendo en conta que existe unha proposta de creación da reserva mariña de interese pesqueiro *Ría de Cedeira*, extremaranse as precaucións na realización do proxecto, tanto na fase de obras como na de explotación, especialmente naquelas actuacións que leven consigo un maior risco de afección ás augas e ós recursos marisqueiros e pesqueiros existentes na zona de influencia. Serán por tanto obxecto de especial atención e cumprimento, todas as medidas contempladas para a minimización destas afeccións, así como as seguintes:

- Á hora de definir o proceso construtivo definirase o balizamento que delimite axeitadamente as zonas de traballo e, tentarase, tal e como se indica no estudo ambiental, o confinamento da zona onde se estea a realizar os traballos con materiais de risco no ámbito mariño.
- Na medida do posible programaranse as actuacións, especialmente as operacións que levan consigo maior risco para as augas como son as dragaxes e as verteduras de material, tendo en conta as condicións meteorolóxicas (realizando estas operacións nos días que o mar estea en calma), as variacións temporais periódicas (de mareas ou estacionais) e evitando, en relación ós recursos marisqueiros e pesqueiros, que estas non coincidan cos períodos de reprodución, fixación de moluscos, emerxencia de xuvenís e recolección de especies.
- Comunicarase con suficiente antelación á Dirección Xeral de Recursos Mariños e á Confraría de Pescadores de Cedeira, a data prevista de inicio das obras, co obxecto de que se o estiman conveniente, poidan realizar a extracción dos recursos existentes que segundo informa a Dirección Xeral de Recursos Mariños poderían verse afectados polas obras.
- En coordinación coa Confraría de Pescadores de Cedeira e coa Dirección xeral de Recursos Mariños, adoptaranse medidas compensatorias ó sector marisqueiro e pesqueiro, sempre baixo un escenario real e probado de afectación ó mesmo derivado da execución do presente proxecto.
- Contarase cun plan de emerxencia ambiental que se desenvolverá no caso de producirse verteduras accidentais. Deberán establecer a localización exacta do material e medios que utilizarían na contención de ditas verteduras.

10. Elaborarase un programa de vixilancia ambiental baseado nas liñas xerais expostas no estudo e restante documentación ambiental, adaptándoo ós novos condicionantes xurdidos da presente Declaración e que, ademais de cumprir os condicionados indicados no punto 2.7. contemplará, como mínimo:

- a) Un plan de seguimento do nivel de ruído de acordo co descrito no punto 2.1.1.

Referente ó plan de seguimento proposto, deberán engadir ós 4 puntos de mostraxe que se contemplan no estudo de impacto ambiental, un que se localice nas vivendas máis próximas á zona de obras.

Referente á periodicidade das medicións, deberán ser mensuais na fase de obras, e como mínimo anual na fase de explotación tal e como xa se propón no estudo ambiental.

- b) Un plan de seguimento para o control da calidade das augas, tanto durante a fase de obras como na de explotación, que permita garantir os niveis de calidade das augas establecidos no Real Decreto 345/1993, de 5 de marzo, polo que se establecen as normas de calidade das augas e da produción de moluscos e outros invertebrados mariños, modificado polo Decreto 571/1999, de 9 de abril, así como o indicado na Lei 8/2001, de 2 de agosto, de Protección da Calidade das Augas das Rías de Galicia e de Ordenación do Servizo Público de Depuración de Augas Residuais Urbanas.

Os parámetros a determinar serán aqueles que potencialmente e de xeito xustificable poidan verse en cada momento afectados pola execución do proxecto.

Respecto dos puntos de mostraxe, ademais dos propostos no estudo ambiental, deberán incluírse especificamente senllos puntos de control nos bancos marisqueiros de Vilarrube e Cedeira.

No que se refire á periodicidade das mostraxes establécese, como mínimo, mensual para a fase de obras e trimestral para a fase de explotación.

- c) Un plan específico, tanto para a fase de obras como para a de explotación, que permita coñecer a evolución dos bancos marisqueiros das praias de Vilarrube e Cedeira, de cara a establecer as medidas correctoras e/ou compensatorias que foran no seu caso necesarias. Para elo levaranse a cabo, como mínimo, análises granulométricos e caracterización bionómica dos seus fondos.

Respecto da periodicidade establécese, mensual na fase de obras e trimestral na de explotación.

Así mesmo levarase a cabo o control periódico proposto das estatísticas diarias ou mensuais sobre a produción dos bancos pesqueiros e marisqueiros máis próximos. Estes datos cruzaranse co cronograma de obra para a verificación de posibles interferencias por mor das obras.

Os plans de seguimento referidos neste apartado c) e no anterior b) deste punto 3.2.10, remitiranse á Dirección Xeral de Recursos Mariños para o seu informe previo ó inicio das obras, adoptando os condicionados debidamente xustificables que no seu caso estableza.

Así mesmo, os resultados que se vaian obtendo nos controis descritos nos apartados b) e c) deste punto 3.2.10, remitiranse á Dirección Xeral de Recursos Mariños para o seu informe, quen poderá establecer, de detectarse afeccións non previstas derivadas da execución do proxecto, as medidas que considere oportunas.

- d) Un plan de seguimento dos posibles efectos das novas instalacións portuarias sobre as praias de Cedeira e de Vilarrube, que permita controlar a súa evolución e adoptar as medidas correctoras e/ou compensatorias que no seu caso foran precisas.

Nese caso as medidas a adoptar deberán ser acordadas previamente coa *Dirección General de Sostenibilidad de la Costa y el Mar*, polo que os resultados de dito seguimento remitiranse a dita *Dirección General* para o seu informe.

Así mesmo, se se adoptasen medidas correctoras e/ou compensatorias, deberanse por en coñecemento da Dirección Xeral de Recursos Mariños para evitar que estas interfiran negativamente nos bancos marisqueiros existentes nas praias indicadas.

O plan de seguimento incluírá neste caso a realización, como mínimo, das correspondentes batimetrías, análises granulométricos e reportaxe fotográfica, e remitirase á *Dirección General de Sostenibilidad de la Costa y el Mar*, para o seu informe e aprobación previo ó inicio das obras, adoptando os condicionados que no seu caso estableza.

Relacionado coa aplicación do programa de vixilancia, previamente ó inicio das obras, disporase de campañas preoperacionais referentes á: presión sonora, calidade das augas, estado inicial dos bancos marisqueiros e praias, que permitan coñecer a situación actual de partida no ámbito de actuación e área de influencia do proxecto.

O resultado destas campañas preoperacionais incorporaranse nos sucesivos informes de seguimento ambiental que se indican nos correspondentes puntos da DIA, e incluírán planos coa localización exacta dos diferentes puntos de mostraxe.

3.3. Durante a fase de obras

1. O promotor comunicará a esta Dirección Xeral, a través do órgano substantivo, a data de inicio das obras de execución das instalacións náutico-deportivas.

2. Instalaranse as barreiras antiturbidez elixidas de acordo co establecido ó respecto no punto 3.2.7. que se disporán flanqueando en todo momento a zona de traballo con risco de alteración das augas. Así mesmo levarase a cabo un seguimento do seu estado ó longo das obras que permita verificar o seu correcto funcionamento, realizando o mantemento e/ou substitucións que fosen necesarias.

3. Comprobarase a adopción de todas as medidas establecidas para a prevención da contaminación mariña, especialmente as asociadas ós traballos de dragaxe e vertedura de material.

4. Levarase a cabo o plan de vixilancia ambiental indicado nos puntos 2.7. e 3.2.10. da DIA para esta fase, elaborando informes cos resultados que se vaian obtendo e que trimestralmente se presentarán perante o órgano substantivo, así como á Dirección

Xeral de Recursos Mariños e á *Dirección General de Sostenibilidad de la Costa y el Mar* no que se refire ós apartados que se especifican no punto 3.2.10.

Nestes informes indicarase, de ser o caso, a aparición de impactos non previstos e as medidas adoptadas para corrixilos, acompañaranse de reportaxe fotográfica que reflicta o desenvolvemento dos traballos e incluírán as medicións preoperacionais da presión sonora, da calidade das augas, estado inicial dos bancos marisqueiros e praias.

Para esta fase:

- a) Referente ó plan de seguimento do nivel de ruído, indicarase o persoal de obra e maquinaria en funcionamento no momento da medición.
- b) Referente ó plan de vixilancia da calidade das augas:
 - Describiranse as accións da obra que se estean a levar a cabo nese momento ou nas xornadas anteriores, e que poidan repercutir nos resultados.
 - O seguimento de sólidos en suspensión realizarase en continuo durante as operacións desta fase que leven consigo un maior risco de aumento da turbidez. Neste caso, as medicións realizaranse na zona de obras e nun punto que se localice a unha distancia prudencial do banco marisqueiro máis próximo a elas, debendo paralizarse as obras cando se observen aumentos por enriba do 30% e ata que se recuperen os valores normais.

3.3. Durante a fase de explotación

1. O promotor comunicará a esta Dirección Xeral, a través do órgano substantivo, a data de inicio das explotacións portuarias.

2. Velarase por un bo estado, limpeza e orde nas instalacións portuarias e procurarase evitar calquera afección á calidade das augas por mor de verteduras accidentais ó mar. Deste xeito :

- As novas instalacións portuarias disporán dos medios necesarios para a limpeza das augas do porto contando cos equipos necesarios para a recollida de sólidos, hidrocarburos, etcétera, co obxecto de dar cumprimento á normativa vixente sobre a contaminación no mar por verteduras de produtos ou materiais resultantes das operacións portuarias, así como das augas sucias e lixos procedentes de buques (Convenios OSPAR, de Londres e Marpol).

En relación ó anterior, as operacións de descarga de residuos e baleirado de sentinas dos barcos no porto realizaranse coas oportunas precaucións e medidas de seguridade.

- Levarase a cabo unha axeitada e eficaz xestión tanto das labores de limpeza como dos residuos producidos por mor da explotación, procedéndose periodicamente e cando resulte necesario a limpeza da lámina de auga adscrita ó porto.

- De ser necesaria a realización de dragaxes periódicas para o mantemento do calado no porto, estas faranse coas oportunas medidas preventivas que garantan a ausencia de afección ó medio, adoptando deste xeito as mesmas medidas que se indican nesta Declaración para execución da dragaxe. O material procedente destas operacións xestionarase tendo en conta o indicado no punto 3.2.8. da DIA.
- No caso de que se instalen papeleiras, establecerase un estrito servizo de recollida do lixo das mesmas para evitar puntos de acumulación de residuos que poderían rematar nas augas mariñas.

3. A orientación das luminarias que sexan instalados contarán con reflectores que limiten a contaminación lumínica e irán dirixidas exclusivamente ás plataformas de traballo do porto, acendendo soamente aquelas necesarias para a actividade, manténdose as demais apagadas, todo elo co obxecto de evitar molestias ós habitantes, tráfico e fauna do contorno.

4. Levaranse a cabo os traballos necesarios para o mantemento dos xardíns que se prevén implantar, evitando que se degraden e se convertan en elementos discordantes nesta zona de uso público.

5. Levarase a cabo o plan de vixilancia ambiental indicado nos puntos 2.7. e 3.2.10. da DIA para esta fase, elaborando informes cos resultados que se vaian obtendo e que semestralmente se presentarán perante o órgano substantivo, e perante a Dirección Xeral de Recursos Mariños e a *Dirección General de Sostenibilidad de la Costa y el Mar* no referente ós apartados especificados anteriormente no punto 3.2.10.

Estes informes acompañaranse de reportaxe fotográfica, e se indicará, de ser o caso, a aparición de impactos non previstos e as medidas adoptadas para corraxilos.

Nesta fase, referente ó plan de vixilancia da calidade das augas, incluíranse tamén analíticas para detectar a presenza de hidrocarburos, que no caso de que o resultado sexa positivo, procederase a súa determinación.

Á vista dos resultados que se vaian obtendo no seguimento a partir dos tres anos dende que o porto estea a pleno rendemento e ante a proposta motivada do promotor, poderase modificar o contido dos sucesivos informes ou a periodicidade dos controis e informes a realizar.

Santiago de Compostela, 19 de decembro de 2008

DIRECTOR XERAL DE CALIDADE E AVALIACIÓN AMBIENTAL

Salvador J. García García

ANEXO I

RESUMO DO PROXECTADO

O proxecto presentado refírese ás actuacións que se prevén no Porto de Cedeira (A Coruña), para a creación dunhas instalacións náutico-deportivas no lado máis oriental do mesmo, cunha capacidade de amarre de aproximadamente 278 prazas.

As principais actuacións que se contemplan no proxecto son as seguintes:

- Execución dun dique en noiro de 426 m de lonxitude en tres aliñacións. Isto supón a diminución, en sentido perpendicular ó porto actual, de 110 m do dique inicialmente proposto. A súa sección transversal estará formada por un núcleo principal de sección trapezoidal de todo un de canteira, que irá protexido por un filtro de 150 kg en dúas capas, coeira de 1.500 kg no lado mar, e 500 kg no lado terra.
- Explanada de servizos de 8.116 m² en terreos anexos ó cantil incluídos dentro da zona de servizo do porto, eliminándose deste xeito o recheo proposto no proxecto orixinal. Para a execución desta explanada será necesario reforzar o cantil actual, así como desviar o viario de acceso ó porto pola zona máis interior de terra, modificar o trazado das redes de servizo que pasan pola nova explanada, e demoler varias edificacións existentes na actualidade.

Co proxecto realizaranse as instalacións necesarias para dotar á explanada de servizos de subministro de auga, electricidade, recollida de augas residuais e pluviais, alumeados e control de accesos e abastecemento de combustible, incluíndo tamén a construción dunha rampla de izado de embarcacións de 14 m de ancho.

- Execución dunha dragaxe á cota -3 m para obter suficiente calado. Debido á eliminación do recheo previsto no proxecto orixinal, e ó acercamento máis a terra das novas instalacións, será necesaria unha dragaxe máis importante que suporá a extracción duns 14.208 m³ de materiais, precisándose tamén unha dragaxe en rocha que leva consigo a extracción de aproximadamente 25.247m³ de materiais rochosos.
- Construción de 3 naves para o desenvolvemento das actividades asociadas ó porto, e dun edificio de servizos de planta baixa de 702 m² de superficie, que englobará as oficinas de xestión do porto, unha náutica e unha cafetería-restaurante.
- Instalación de 5 pantaláns aboiantes para a náutica deportiva, un de reparto e o resto en dirección ortogonal á liña do cantil. A lámina de auga diminúe considerablemente coa nova configuración, e polo tanto tamén o número de prazas de atraque ata as 278. Os pantaláns estarán formados por unha estrutura en celosía de aluminio con pavimento de madeira, que irán ancorados ó fondo mariño con pilotes de chapa de aceiro, terán brazos de amarre e contarán con servizos de iluminación, auga potable e electricidade.

A continuación preséntase unha táboa resumen de comparación coa proposta inicial:

Ud	ELEMENTO	PROXECTO	PROXECTO ORIXINAL
m	Lonxitude do dique	426	600
m ²	Recheo	0	12.702
Ud	Nº de prazas de atraque	278	411
m ²	Superficie construída naves	450	2.100
m ²	Superficie edificios servizos	702	1.060
Ud	Prazas de aparcadoiro	65	76
m ³	Dragaxe en area	14.208	7.165
m ³	Dragaxe en rocha	25.247	0

A área onde se enmarcan as actuacións, pegadas ó actual Porto de Cedeira, localízase na parte interior da ría de Cedeira, ó norte da costa de A Coruña. Trátase dun porto de relativamente grandes dimensións e actividade principalmente pesqueira.

A ría de Cedeira posúe dous fondos de ría correspondentes ás dúas enseadas que a conforman, a de Esteiro e a de Cedeira, onde se sitúan os bancos marisqueiros máis importantes da mesma. Na enseada de Esteiro localízase a praia de Vilarrube, banco destinado fundamentalmente á extracción de cadelucha, e na de Cedeira, zona de afección directa do proxecto, sitúase a praia de Cedeira ou de La Magdalena da que se extrae berberecho e ameixa fina.

ANEXO II

RESUMO DAS MEDIDAS PROTECTORAS E CORRECTORAS

Fase de construción

Redución do impacto acústico

- No transporte de materiais empregárase o menor número posible de camiós, evitando a realización de manobras innecesarias.
- Preferencia ó emprego de equipos con emisións sonoras baixas.
- Illamento dos procedementos ruidosos e limitación do acceso á zonas ruidosas.
- No caso de detectarse fontes de gran impacto acústico, instalaranse barreiras de illamento sonoro e materiais absorbentes que reduzan a reflexión do son.
- Adecuación da velocidade dos vehículos e maquinaria.

Prevenición da contaminación atmosférica

- En condicións de ambiente seco, procederáse á humectación das zonas de obra ocupadas por terras e amoreamentos, e das zonas de circulación frecuente da maquinaria.
- Emprego racional de maquinaria pesada.
- Posta a punto de motores de vehículos e maquinaria.
- Cubriranse os camiós que realicen transporte de terras e materiais pulverulentos, lavando as rodas antes da saída da zona de obras.

Prevenición da contaminación do solo

- O formigón, áridos e aglomerado asfáltico, subministrárase dende plantas instaladas fora da obra e que contén coas debidas autorizacións.
- As labores de limpeza, mantemento e reparación da maquinaria durante a fase de obras, realizarase en talleres autorizados. Cando isto non fose posible, estas tarefas realizaranse nunha zona delimitada e dedicada a tal fin, dispoñendo os medios necesarios para a recollida das posibles verteduras.

Prevenición da contaminación das augas

- Limpeza dos elementos de formigonado ou embornais de saneamento nos lugares axeitados, lonxe do mar.

- Adecuaranse zonas específicas dentro da zona a ocupar pola infraestrutura, para a realización de actividades de mantemento e reparación de maquinaria.
- Na construción do dique e explanada empregarase formigón de fraguado rápido, e realizaranse as tarefas de formigonado en baixamar.
- Instalaranse casetas de obra prefabricadas con posibilidade de conexión á rede de saneamento municipal, logo das oportunas autorizacións.
- No caso de que o anterior non fose posible, instalaranse casetas de obra prefabricadas con tratamento químico dos efluentes, ou unha fosa séptica.
- Naquelas zonas onde non sexa imprescindible o acceso á liña de costa, imposibilitarase o acceso e maquinaria a unha franxa de 10 m de anchura respecto da liña de costa.

Redución de afeccións ós recursos mariños

- Evitarase a contaminación das augas e limitarase o aumento de turbidez das mesmas mediante a instalación de barreiras de finos.
- Nas tarefas de formigonado, as primeiras operacións a realizar terán como obxecto a illamento máximo técnico posible do recinto encofrado con respecto ó mar.

Xestión dos residuos xerados e limpeza e coidado do aspecto da obra

- Antes do inicio de obra disporanse colectores para a recepción dos residuos, informando ós traballadores da súa localización e función. Sinalizarase convenientemente a súa localización, e a súa xestión será a través de xestores autorizados.
- Evitarase depositar restos de embalaxes, residuos ou outros elementos susceptibles de caer ó mar no borde dos peiraos, pantaláns ou embarcacións.
- Evitaranse as verteduras de calquera substancia contaminante como disolventes, pinturas e lubricantes ás augas, evitando a presenza de envases desas substancias nos pantaláns, embarcacións de apoio, etcétera.
- Coidarase o aspecto xeral das obras no que se refire á presenza de materiais sobrantes, entulleiras, lixo, desperdicios e calquera tipo de residuo.
- Non se empregará auga de mar na limpeza da maquinaria, cubas, etcétera.

Emprego de boas prácticas nas operacións de dragaxe

- Seleccionaranse os sistemas máis axeitados de dragaxe e carga que impidan a dispersión masiva de material.

- Planificaranse as descargas con respecto á marea para que non se realicen en período de enchente, procurando realizar as verteduras ó inicio do período de devalo, para que a marea afaste os materiais en suspensión das zonas máis sensibles da ría.
- A dragaxe efectuarase na máxima superficie posible, minimizando o volume de area profunda involucrado, reducindo o material en suspensión así como a formación de noiros submarinos.
- Se a dispersión é intensa pola acción de fortes correntes, paralizaranse as obras ata a normalización da situación.
- Instalaranse barreiras antiturbidez que flanqueen a zona de traballo con risco de alteración das augas.
- Sinalizarase ou balizarase a área de vertedura garantindo que os materiais queden depositados na área elixida.
- Estableceranse rumbos e percorridos da draga que interfiran minimamente coas comunidades naturais ou recursos da zona.
- Recoméndase realizar os traballos de dragaxe nunha época de reducido uso lúdico das praias próximas.
- No proceso de transporte garantirase o peche estanco das comportas, e realizaranse as cargas de xeito que non se produzan derramo pola borda.
- Preverase unha axeitada organización dos traballos de dragaxe e montaxe de pantaláns, tendo en conta o tráfico marítimo existente, eliminando calquera molestia ós usuarios. Neste sentido sinalizarase mediante balizas o corredor marítimo, que deberá ser respectado para o atraque das embarcacións evitando así accidentes. Notificarase coa antelación suficiente ós usuarios de puntos de amarre, e se é necesario habilitaranse puntos alternativos.

Emprego de boas practicas nas operacións de recheo

- Non se empregarán materiais cohesivos brandos e lamacentos.
- Os materiais de préstamo necesarios para a construción das infraestruturas portuarias procederán de canteiras autorizadas.
- Levarase a cabo un lavado dos materiais pétreos que conformarán as novas estruturas previo ó seu depósito no medio mariño.
- A vertedura de material efectuarase minimizando a axitación que a operación leva consigo para evitar a disolución do material na auga.
- Instalaranse barreiras antiturbidez nas zonas de risco de alteración das augas.

- Evitarase a utilización de materia de recheo contaminado para impedir a transmisión da contaminación ás augas.

Seguridade e hixiene

- Balizamento e delimitación das zonas sometidas a actividade para evitar ocupar terreos innecesarios.
- Planificación das obras evitando molestar ós veciños, transeúntes, etcétera, sendo máis esixentes na época estival.
- No transporte de materiais, evitarase circular por zonas poboadas.
- Levarase a cabo unha correcta sinalización das obras e de rutas alternativas.
- Limparase periodicamente de materiais procedentes da obras (terras, pedras, etcétera) as estradas polas que circule a maquinaria.

Restitución de servizos afectados

- Evitarase a afección do solo non pertencente á área de actuación.
- Restituíranse á calidade inicial os camiños ou calquera outra infraestrutura que sufra deterioracións ou danos por mor da execución do proxecto.

Integración paisaxística

- Nas labores de axardinamento, empregaranse especies concordantes co contorno.
- O mobiliario urbano será concordante co existente na zona.

Prevencción de danos ó patrimonio cultural

- Durante a execución das obras protexerase o monumento á *Muller do Pescador* para evitarlle danos. No caso de que sexa necesario procederase ó seu desmonte e traslado a zona segura, volvendo ó seu lugar orixinal unha vez rematados os traballos.
- Para a realización da dragaxe contarase cun control técnico a bordo da draga que se encargará de vixiar a posible aparición de pecios ou restos arqueolóxicos.
- Para confirmar que non existen restos arqueolóxicos subacuáticos de interese, levarase a cabo unha ampliación da prospección arqueolóxica subacuática realizada.

Fase de explotación

Estabilidade das praias

- Co obxecto de minimizar a erosión na parte central do banco sedimentario e de acadar canto antes a situación de equilibrio, propónse rexenerar o banco no seu extremo oeste coa area procedente da dragaxe da nova dársena, depositándoa xunto o arranque do dique para non dificultar a saída do río Condomiñas en baixamar e analizar a evolución en conxunto. No caso de que dito aporte ou a sedimentación prevista dificulte dita saída en condicións de baixamar, propónse aplicar medidas correctoras como estacas de madeira para facilitar o desaugadoiro.

Prevenición da contaminación das augas

- Disporanse dos medios e instalacións precisas para a limpeza das augas do porto cos equipos necesarios para a recollida de sólidos, hidrocarburos, sistema de oxigenación e sistema de aplicación de dispersantes.
- Instalación de trampas de sedimentos ou maías para evitar a caída ou arrastre de contaminantes por esorrentía ó mar, instalación de cunetas de dimensións apropiadas para evacuar o volume de auga previsto nas épocas de maior pluviosidade, e utilización da rede de evacuación de pluviais.
- As augas residuais producidas nas instalacións do porto verteranse á rede de saneamento municipal, ó igual que as augas pluviais, evitando a vertedura de augas residuais ó mar.

Xestión dos residuos xerados

- Instalación dun punto limpo para a recollida selectiva de residuos urbanos e asimilables xerados nas instalacións.
- Os residuos urbanos recolleranse periodicamente por xestor legalmente autorizado.
- Instalaranse colectores específicos, de acordo co establecido no Convenio Marpol, para a recepción dos residuos oleosos das embarcacións, aceites e augas de sentina.
- Respecto das augas residuais fecais xeradas polas embarcacións, disporase unha estación de bombeo móbil, equipada cun tanque.
- Todos estes residuos recolleranse periodicamente por xestor legalmente autorizado.


Seguridade na explotación

- Operación e mantemento axeitado dos equipos.
- Control das distintas verteduras (sanitarias, pluviais e derramo aceitosos).

Fase de desmantelamento e abandono

Contémplanse para esta fase de desmantelamento, medidas similares ás previstas na fase de construción referentes á redución do impacto acústico, prevención da contaminación da atmosfera, do solo e das augas, así como á xestión dos residuos xerados e á limpeza, seguridade e hixiene e restitución de servizos afectados

ANEXO III
PLANO DA ACTUACIÓN PREVISTA



DECLARACIÓN DE IMPACTO AMBIENTAL DO PROXECTO DE INSTALACIÓNS NÁUTICO-DEPORTIVAS EN CEDEIRA (A CORUÑA).
PROMOTOR: U.T.E. (UNIÓN TEMPORAL DE EMPRESAS) COMERCIAL INTERNACIONAL, S.L. - BARDERA S.L.
CLAVE: 2006/0046